



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA
Dirección Xeral de Mobilidade

Praza de Europa 5A, 2º andar
Área Central – Fontiñas
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda e o Concello de Pontevedra para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Pontevedra.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O subdirector xeral de Planificación Técnica, da Dirección Xeral de Mobilidade, DECLARA:

Que esta Consellería de Infraestruturas e Vivenda formalizou co Concello de Pontevedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 02/08/2017 ata o 02/08/2021.

Que o convenio marco ten por obxecto:

- a) Mellorar as instalacións da estación de Pontevedra para dar cobertura ás necesidades actuais.
- b) Promover a utilización do transporte público e a mobilidade sustentable, mediante a mellora da intermodalidade en Pontevedra que poña a disposición do usuario a posibilidade de combinar diferentes modos de transporte público dunha maneira rápida e eficiente e cun menor custo ambiental e económico.
- c) Mellorar o tránsito de autobuses e peóns na contorna da estación de autobuses de Pontevedra.
- d) A realización dos estudos técnicos e económicos para a definición das actuacións necesarias para o desenvolvemento global do ámbito definido e do futuro conxunto intermodal, nos que se contemple de forma máis concreta:
 - A determinación dos custos das devanditas actuacións con suficiente grao de aproximación e o establecemento das fórmulas para o seu financiamento e no seu caso, asignación ás administracións responsables da mesma.
 - O estudo das determinacións a incluír no plan urbanístico do ámbito da futura Estación Intermodal de Pontevedra, completando a infraestrutura viaria que garanta a adecuada conexión co sistema xeral viario e a mobilidade na súa contorna de carácter peonil e rodado.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á acadar o obxecto referido.

O instrumento convencional que se asinou fundaméntase no precepto de que as partes comparten o interese en promover a utilización do transporte público e a mobilidade sustentable, a





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA
Dirección Xeral de Mobilidade

Praza de Europa 5A, 2º andar
Área Central – Fontiñas
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

través de medidas e actuacións destinadas a alcanzar a intermodalidade entre o transporte público de viaxeiros en autobús e o transporte público de viaxeiros en ferrocarril, facilitando desta maneira os desprazamentos entre a orixe e o destino final do usuario con maior rapidez, eficiencia e menor custo.

Trátase dun documento no que as partes asumen unha serie de compromisos co fin de executar e financiar as actuacións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poderían satisfacer axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

